



## INFORME

Área intervención

Nº ref.: 11/09/2015

(MLD/mmv)

**Asunto: Análise do cumprimento en orzamento inicial da estabilidade orzamentaria, e do teito de gasto no exercicio 2016**

José Mosquera Casero, Interventor accidental da Excma. Deputación Provincial de Ourense, en cumprimento do art.16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, así como do disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira, informa o seguinte en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria do orzamento de 2016 e do límite de débeda:

### 1.- Normativa aplicable

- Constitución Española de 1978
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira.
- Orden HAP/2105/2012, de 1 de outubro, polo que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sosteñibilidade Financeira, modificada pola Orden HAP/2082/2014, de 7 de novembro.
- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.



- Real Decreto Lei 17/2014, de 26 de decembro, de medidas de sosteñibilidade financeira das Comunidades Autónomas e entidades locais e outras de carácter económico.
- Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público
- Manual de Cálculo do Déficit Público, adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola IGAE

## 2.- Concepto da estabilidade orzamentaria

A Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira (en adiante LOEOSF) ten como obxecto o establecemento dos principios reitores, que vinculan a todos os poderes públicos, aos que deberá adecuarse a política orzamentaria do sector público orientada á estabilidade orzamentaria e á sostibilidade financeira, como garantía do crecemento económico sostido e a creación de emprego, en desenvolvemento do artigo 135 da Constitución Española (reformado en setembro do 2011). Este artigo sinala expresamente:

1. *Todas las Administraciones Públicas adecuarán sus actuaciones al principio de estabilidad presupuestaria.*
2. *El Estado y las Comunidades Autónomas no podrán incurrir en un déficit estructural que supere los márgenes establecidos, en su caso, por la Unión Europea para sus Estados Miembros.*

*Una Ley Orgánica fijará el déficit estructural máximo permitido al Estado y a las Comunidades Autónomas, en relación con su producto interior bruto. Las Entidades Locales deberán presentar equilibrio presupuestario.*

...

Según o art. 3 da LO 2/2012 “*la elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito subjetivo de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea*”

A LOEOSF define o **principio de estabilidade orzamentaria** como a situación de equilibrio ou superávit estrutural e establece que a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos e ingresos das Administracións Públicas e demais



entidades que forman parte do sector público someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria.

Ademais do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, a LOEOSF esixe o cumprimento da **Regra do Gasto** e o **principio de sostibilidade financeira**, referida esta última ao volume de débeda pública.

En canto ao principio de sostibilidade financeira, o artigo 13 da LOEOSF establece o seguinte:

*1. El volumen de deuda pública, definida de acuerdo con el Protocolo sobre Procedimiento de déficit excesivo, del conjunto de Administraciones Públicas no podrá superar el 60 por ciento del Producto Interior Bruto nacional expresado en términos nominales, o el que se establezca por la normativa europea.*

*Este límite se distribuirá de acuerdo con los siguientes porcentajes, expresados en términos nominales del Producto Interior Bruto nacional: 44 por ciento para la Administración Central, 13 por ciento para el conjunto de las Comunidades Autónomas y 3 por ciento para el conjunto de las Corporaciones Locales.....*

*2. La Administración Pública que supere su límite de deuda pública no podrá realizar operaciones de endeudamiento neto.*

.....

*5. La autorización del Estado, o en su caso de las Comunidades Autónomas, a las Corporaciones Locales para realizar operaciones de crédito y emisiones de deuda, en cumplimiento de lo establecido en el artículo 53 del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobada por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, tendrá en cuenta el cumplimiento de los objetivos de estabilidad presupuestaria y de deuda pública, así como el cumplimiento de los principios y las obligaciones que se derivan de la aplicación de esta Ley.*

No primeiro semestre de cada ano, o Goberno, mediante acordo do Consello de Ministros, fixará os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiación de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.



En caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, o artigo 21 da LOEOSF senta a obriga de que a administración incumpridora formule un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo. O plan económico financeiro elaborado deberá ser presentado ante o Pleno da Corporación no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento, aprobado no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación, e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

O Regulamento de desenvolvemento da Lei de Estabilidade Orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais estableceu (artigo 16.2) que “...a *Intervención local elevará ao Pleno un informe sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade da propia entidade local e dos seus organismos e entidades dependentes.*

*O informe emitirase con carácter independente e incorporarase aos previstos nos artigos 168.4, 177.2 e 191.3 do texto refundido da Lei reguladora das facendas Locais, referidos, respectivamente, á aprobación do orzamento xeral, ás súas modificacións e á súa liquidación.*

*O Interventor local detallará no seu informe os cálculos efectuados e os axustes practicados sobre a base dos datos dos capítulos 1 a 9 dos estados de gastos e ingresos orzamentarios, en termos de Contabilidade Nacional, segundo o Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais.*

*Así mesmo, a Intervención da entidade local elevará ao Pleno informe sobre os estados financeiros, unha vez aprobados polo órgano competente, de cada unha das entidades dependentes do artigo 4.2 do presente regulamento.*

*Cando o resultado da avaliación sexa de incumprimento, a entidade local remitirá o informe correspondente á Dirección Xeral de Coordinación Financeira con Entidades Locais ou ao órgano competente da comunidade autónoma que exerza a tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles, contados desde o coñecemento do Pleno.”*



Para dar cumprimento ao disposto no art. 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira, mediante acordo do Consello de Ministros de 27 de xuño de 2014, determináronse os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das Administracións Públicas e de cada un dos seus subsectores para o período 2015-2017. O obxectivo para as Entidades Locais consiste en obter cada ano do citado período o equilibrio financeiro ou, por dicilo doutro xeito, que o resultado do indicador capacidade (+) ou necesidade (-) de financiamento para as Entidades Locais sexa 0,0 en cada anualidade do período considerado.

2015	2016	2017
0,00	0,00	0,00

Canto se expuxo permite formular unha primeira consideración, que se refire á necesidade de avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade Orzamentaria con motivo da aprobación do Orzamento, das Modificacións de Créditos que consistan en créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e da Liquidación do Orzamento das Entidades Locais. Unha segunda consideración, vinculada á expresada, implica interpretar que corresponde aos Servizos da Intervención Local informar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria ao tramitarse o Orzamento, as Modificacións daquel relativas a Créditos Extraordinarios e Suplementos de Crédito e a súa liquidación.

A tal fin elaborouse, pola Intervención Xeral da Administración do Estado o “Manual de cálculo do déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais” (1ª Edición). Á vista do contido do devandito Manual é necesario efectuar as seguintes consideracións previas: 1ª) Da información documental dispoñible na Intervención Provincial dedúcese que forma parte da “Unidade Institucional” Deputación Provincial de Ourense como entidade dependente, o Organismo Autónomo Local de natureza administrativa: INORDE (Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico). En aplicación do artigo 4.1 do Real Decreto



1463/2007, os organismos autónomos e entes públicos dependentes que presten servizos ou produzan bens non financiados maioritariamente con ingresos comerciais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus respectivos orzamentos consolidados axustándose ao principio de estabilidade orzamentaria.

2ª) Faise necesario, por tanto, avaliar o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria para cada unha das Entidades citadas e polo conxunto adecuadamente consolidado.

### **3.- Avaliación do obxectivo de estabilidade orzamentaria para a Deputación Provincial de Ourense e o INORDE con motivo da aprobación do orzamento do exercicio 2016**

O obxectivo de estabilidade orzamentaria ven expresado en termos de contabilidade nacional; é dicir, aplícanse os criterios metodolóxicos do Sistema Europeo de Contas (SEC 95). Para determinar o cumprimento deste obxectivo no Orzamento Xeral da Deputación de Ourense de 2016, faise necesario establecer a equivalencia entre o saldo orzamentario por “operacións non financeiras” e o saldo de contabilidade nacional (capítulos I a VII).

Para a realización destes axustes, seguiranse os criterios especificados pola IGAE no "Manual de cálculo do déficit na contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais".

Os axustes que se van realizar, como consecuencia das diferenzas de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, refírense aos seguintes supostos:

#### **A) INGRESOS:**

Axustes a realizar

#### **Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.**

*(No citado manual establece que “a capacidade/necesidade de financiación das administracións públicas non pode verse afectada polos importes de impostos e cotizacións sociais cuxa recadación sexa incerta”, polo tanto*



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

*interpretase que, como para elaborar o orzamento se utilizan como referencia os dereitos recoñecidos e non os recaudados en exercicios anteriores, procede facer o axuste que se describe despois sobre os ingresos dos capítulos 1 a 3.)*

DEPUTACIÓN DE OURENSE

Capítulos	a) Previsións 2014	Recadación 2014		d) Total recadación	e) % recadación
		b) Exercicio corrente	c) Exercicios pechados		
1	4.100.000,00	3.385.457,93	1.506.403,70	4.891.861,63	119,31%
2	3.647.000,00	3.177.130,64	0,00	3.177.130,64	87,12%
3	5.550.107,08	3.699.531,76	1.267.242,66	4.966.774,42	89,49%

Que aplicado ás previsións do orzamento de 2016 arroxa os seguintes importes de axuste que reducen/aumentan as previsións dos capítulos 1 a 3:

Capítulos	Previsto	% Axuste	Importe axuste
Cap 1	4.340.000,00	19,31%	838.214,51
Cap 2	3.900.000,00	-12,88%	-502.465,18
Cap 3	5.807.202,25	-10,51%	-610.354,12

INORDE

Capítulos	a) Previsións 2014*	Recadación 2014		d) Total recadación	e) % recadación
		b) Exercicio corrente	c) Exercicios pechados		
1	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%
2	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00%



3	47.530,00	28.516,48	31,83	28.548,31	60,06%
---	-----------	-----------	-------	-----------	--------

Que aplicado ás previsións do orzamento de 2016 arroxa os seguintes importes de axuste que reducen/aumentan as previsións dos capítulos 1 a 3:

Capítulos	Previsto	% Axuste	Importe axuste
Cap 1			
Cap 2			
Cap 3	13.030,00	-39,94%	-5.203,69

### Capítulo 5 do Estado de Ingresos.

En contabilidade nacional rexe o principio de devengo, polo tanto, a fin de exercicio deberán incorporarse os intereses explícitos devengados no exercicio, tanto os vencidos como os non vencidos. Efectuarase un axuste pola diferenza entre os dereitos recoñecidos no orzamento e os intereses devengados, de xeito que este axuste será positivo se o importe dos dereitos recoñecidos é inferior ao importe devengado, e un axuste negativo en caso contrario. No caso particular da Deputación Provincial de Ourense, e de acordo co principio de importancia relativa, os xuros devengados a favor da Deputación por depósitos en contas bancarias con un importe significativo son os devengados nas entidades financeiras. Os vencementos dos mesmos son trimestrais aboándose e imputándose ó orzamento de ingresos o derradeiro día do trimestre natural, polo que non é preciso realizar axuste ningún ó coincidir os importes devengados en cada exercicio cos importes imputados orzamentariamente.

### B) GASTOS

#### Axuste por grado de execución do gasto:



A "Guía para a Determinación da Regra de Gasto (2ª edición)" establece que "o porcentaxe estimado do grao de execución do orzamento do ano n terá, como límite, superior ou inferior, a media aritmética dos porcentaxes do grao de execución dos créditos por operacións non financeiras do Orzamento de Gastos dos tres exercicios anteriores, unha vez eliminados valores atípicos".

#### DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

Exercicio 2012	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	64.357.590,00	65.606.213,39	0,02

Exercicio 2013	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	59.081.106,19	59.331.348,08	0,00

Exercicio 2014	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	66.909.001,01	59.504.340,28	-0,11

Da media dos tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables, resulta o porcentaxe de execución de gastos non financeiros co detalle que se especifica a continuación que aplicado ás previsións do orzamento de 2016 arroxa o importe de 2.164.820,04 a minorar os empregos non financeiros.

#### INORDE

Exercicio 2012	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	2.008.218,73	2.357.734,81	0,17

Exercicio 2013	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
<b>Total</b>	1.166.963,88	1.861.300,80	0,59



Exercicio 2014	Créditos iniciais	Obrigas recoñecidas	% execución
Total	1.509.212,88	1.967.736,13	0,30

Da media dos tres últimos exercicios, considerando a execución dos créditos iniciais, descontando os gastos financeiros non agregables, resulta o porcentaxe de execución de gastos non financeiros co detalle que se especifica a continuación que aplicado ás previsións do orzamento de 2016 arroxa o importe de 1.218.403,78 a incrementar os empregos non financeiros.

#### **Axustes por gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.**

Estes son os gastos recollidos na conta 413 no seu haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e, no seu debe, polos aplicados ó longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos minóranlo, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven a incrementalo mediante a súa aplicación ao orzamento, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit.

Segundo se aprecia no cadro seguinte, a diferenza entre os importes orzamentados nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e os capítulos 1 a 7 do estado de gastos, previa aplicación dos axustes descritos, arroxa capacidade de financiación no orzamento da Deputación Provincial e necesidade de financiación no orzamento do INORDE:

#### **DEPUTACIÓN PROVINCIAL**

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII presupuesto corriente.	77.400.000,00



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

b) Créditos previstos capítulos I a VII presupuesto corriente	74.786.526,62
<b>c) TOTAL (a – b)</b>	<b>2.613.473,38</b>
<b>AJUSTES</b>	
1) Ajustes recaudación capítulo 1	838.214,51
2) Ajustes recaudación capítulo 2	-502.465,18
3) Ajustes recaudación capítulo 3	-610.354,12
4) Ajuste por liquidación PIE-2008	0,00
5) Ajuste por liquidación PIE-2009	0,00
6) Ajuste por liquidación PIE-2011	0,00
7) Ajuste por devengo de intereses	0,00
8) Ajuste por Grado de ejecución del Presupuesto	2.164.820,04
9) Ajuste por arrendamiento financiero	0,00
10) Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto	0,00
11) Ajuste por devoluciones de ingresos pendientes de imputar a presupuesto	0,00
<b>d) Total ajustes presupuesto 2016</b>	<b>1.890.215,24</b>



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

e) Ajuste por operaciones internas*	
f) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c + d + e)	4.503.688,62

#### INORDE

CONCEPTOS	IMPORTES
a) Previsión ingresos capítulos. I a VII presupuesto corriente	3.407.000,00
b) Créditos previstos capítulos I a VII presupuesto corriente	3.407.000,00
c) TOTAL (a – b)	0,00
<b>AJUSTES</b>	
1) Ajustes recaudación capítulo 1	0,00
2) Ajustes recaudación capítulo 2	0,00
3) Ajustes recaudación capítulo 3	-5.203,69
4) Ajuste por liquidación PIE-2008	0,00
5) Ajuste por liquidación PIE-2009	0,00
6) Ajuste por liquidación PIE-2011	0,00



7) Ajuste por devengo de intereses	0,00
8) Ajuste por Grado de ejecución del Presupuesto	-1.218.403,78
9) Ajuste por arrendamiento financiero	0,00
10) Ajuste por gastos pendientes de aplicar a presupuesto	0,00
11) Ajuste por devoluciones de ingresos pendientes de imputar a presupuesto	0,00
<b>d) Total ajustes presupuesto 2015</b>	<b>-1.223.607,47</b>
<b>e) Ajuste por operaciones internas*</b>	
<b>f) TOTAL CAPACIDAD/NECESIDAD DE FINANCIACIÓN(c + d + e)</b>	<b>-1.223.607,47</b>

A avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria do Orzamento Xeral da Entidade Local (CONSOLIDADO), presenta o seguinte resultado:

Operacións non financeiras. Capítulos.	Deputación €	INORDE €	Operacións internas €	Consolidado €
<b>Ingresos correntes.</b>				
1. Impostos directos	4.340.000,00	---	---	4.340.000,00
2. Impostos indirectos	3.900.000,00	---	---	3.900.000,00
3. Taxas, prezos pub. e outros	5.807.202,25	13.030,00	---	5.820.232,25



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

4.Transferencias correntes	61.481.935,00	1.833.653,00	-1.650.000,00	61.665.588,00
5.Ingresos patrimoniais	224.862,75	28.368,00	---	253.230,75
<b>Total recursos correntes (1)</b>	<b>75.754.000,00</b>	<b>1.875.051,00</b>	<b>-1.650.000,00</b>	<b>75.979.051,00</b>
<b>Gastos correntes</b>				
1.Gastos de persoal	29.191.089,68	932.583,33	---	30.123.673,01
2.Gastos corr. bens e servizos	18.289.624,64	579.518,67	---	18.869.143,31
3.Gastos financeiros.	189.916,55	-----	---	189.916,55
4.Transferencias correntes	10.012.145,75	300.000,00	-1.650.000,00	8.662.145,75
5. Fondo de continxencia	100.000,00			100.000,00
<b>Total destinos correntes (2)</b>	<b>57.782.776,62</b>	<b>1.812.102,00</b>	<b>-1.650.000,00</b>	<b>57.944.878,62</b>
<b>AFORRO BRUTO (1-2)</b>	<b>17.971.223,38</b>	<b>62.949,00</b>	<b>0,00</b>	<b>18.034.172,38</b>
<b>Ingresos de capital</b>				
6.Alleam. investimentos reais	21.000,00	---	---	21.000,00
7.Transferencias de capital	1.625.000,00	1.531.949,00	----	3.156.949,00
<b>Total recursos de capital (3)</b>	<b>1.646.000,00</b>	<b>1.531.949,00</b>	<b>-----</b>	<b>3.177.949,00</b>
<b>Gastos de capital</b>				
6. Investimentos reais	15.713.250,00	94.898,00	---	15.808.148,00
7. Transferencias de capital	1.290.500,00	1.500.000,00	----	2.790.500,00
<b>Total destinos de capital (4)</b>	<b>17.003.750,00</b>	<b>1.594.898,00</b>	<b>----</b>	<b>18.598.648,00</b>
<b>CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO (1+3-2-4)</b>	<b>2.613.473,38</b>	<b>0,00</b>	<b>0,00</b>	<b>2.613.473,38</b>
<b>AXUSTES (SEC 95)</b>	<b>1.890.215,24</b>	<b>-1.223.607,47</b>		<b>666.607,77</b>
Gastos	2.164.820,04	-1.218.403,78		946.416,26
Ingresos	-274.604,79	-5.203,69		1.613.024,03



CAPACIDADE (+) OU NECESIDADE (-) DE FINANCIAMENTO DESPOIS DE AXUSTES	4.503.688,62	-1.223.607,47		3.280.081,15

Da comparación das previsións dos capítulos 1 a 7 do estado de ingresos, e dos capítulos 1 a 7 do estado de gastos do conxunto da entidade local en termos consolidados, despois dos axustes vistos anteriormente, resulta un superávit orzamentario de 3.280.081,15 euros en termos de capacidade de financiación.

A financiación dispoñible permite, en consecuencia, un marxe de 3.280.081,15 euros, do que se deduce o cumprimento por parte desta Deputación en termos consolidados do obxectivo de estabilidade orzamentaria concretado a través do déficit "cero" para os Orzamentos das Corporacións Locais durante o período 2015- 2017.

##### 5. Límite de gasto non financeiro: Teito de gasto.

O artigo 30 da LOEOSF esixe ás entidades locais a mesma obriga que a Unión Europea ven esixindo ao Estado, isto é, aprobar todos os anos un teito de gasto non financeiro, e verificar que cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto.

Neste sentido establece que as entidades locais deberán aprobar un límite máximo de gasto non financeiro, coherente cos obxectivos de estabilidade orzamentaria (0% de déficit para 2015-2017) e a regra de gasto (1,3 %, 1,5% y 1,7% respectivamente), que marcará o teito de asignación de recursos dos seus orzamentos.

Non se establece prazo para a súa aprobación, nin cal é o órgano competente para elo. Debería aprobarse, pola Presidencia, en virtude da cláusula de competencia residual establecida no artigo 21 da Lei 7/1985, e con anterioridade á aprobación do Orzamento de 2016. Tampouco se na Orden Ministerial a obriga de remisión de información sobre o teito de gasto.



## DEPUTACIÓN

### A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria

Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2016, obtemos os seguintes datos:

<b>Capítulos 1 a 7 de Gastos</b>	74.786.526,62
<b>Axustes SEC gastos</b>	-2.164.820,04
<b>Gastos non financeiros axustados</b>	<b>72.621.706,58</b>

<b>Capítulos 1 a 7 de Ingresos</b>	77.400.000,00
<b>Axustes SEC ingresos</b>	-274.604,79
<b>Ingresos non financeiros axustados</b>	77.125.395,21
<b>Verificación cumprimento obxectivo estabilidade</b>	<b>4.503.688,62</b>

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o superávit así calculado aos gastos considerados:

<b>Teito de gasto non financeiro en equilibrio:</b>	<b>79.290.215,24</b>
---	----------------------

### B) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de Regra de Gasto

Pártese da estimación de liquidación do exercicio 2015 calculada con motivo da remisión de información correspondente ao 2<sup>er</sup> Trimestre de 2015

<b>Límite da Regra de Gasto liquidación 2015</b>	<b>IMPORTES</b>
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	71.068.853,33



2. Axustes SEC (2015)	-5.000,00
<b>3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)</b>	<b>71.063.853,33</b>
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	-1.699.987,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	-774.267,24
<b>6. Total Gasto computable do exercicio</b>	<b>68.589.599,09</b>
7. Taxa de variación do gasto computable 2015 (6 x1,8%)	1.234.612,78
8. Incrementos de recadación (2015) (+)	0,00
9. Diminucións de recadación (2015) (-)	0,00
<b>10. Límite da Regra de Gasto 2015 = 6+7+8-9</b>	<b>69.824.611,87</b>

Para o cálculo do límite de gastos non financeiros, que se expresa en termos orzamentarios, engádense:

<b>Gasto do capítulo 3º non agregado en 2016</b>	163.916,55
<b>Gasto financiado con fondos finalistas en 2016</b>	2.000.000,00
<b>Axustes SEC gastos</b>	-5.000,00
<b>Límite de gasto non financeiro coherente coa Regra de Gasto</b>	<b>71.983.128,42</b>

O **teito de gastos** non financeiros é o menor dos dous importes determinados: o de cumprimento de estabilidade orzamentaria e o de cumprimento da regra do gasto. Polo tanto, o límite máximo de gasto non financeiro da Deputación Provincial de Ourense ascende a 71.983.128,42 euros. Dado que os gastos non financeiros do orzamento do exercicio 2016 ascenden a 74.786.526,62 euros, esta Entidade Local **non cumpre co límite de gasto non**



**financeiro** previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

<b>LÍM.GASTO NON FINANCEIRO</b>	<b>71.983.128,42</b>
Límite Gasto non financ / partindo de Regra de Gasto	71.983.128,42
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidade orzament..	79.290.215,24
Gastos non financeiros orzamento exercicio	74.786.526,62

### **INORDE**

A) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria  
Partindo das previsións de ingresos e gastos non financeiros para o Orzamento de 2016, obtemos os seguintes datos:

<b>Capítulos 1 a 7 de Gastos</b>	3.407.000,00
<b>Axustes SEC gastos</b>	1.218.403,78
<b>Gastos non financeiros axustados</b>	<b>4.625.403,78</b>

<b>Capítulos 1 a 7 de Ingresos</b>	3.407.000,00
<b>Axustes SEC ingresos</b>	-5.203,69
<b>Ingresos non financeiros axustados</b>	3.401.796,31
<b>Verificación cumprimento obxectivo estabilidade</b>	<b>-1.223.607,47</b>

Para o cálculo do límite de gasto non financeiro, que se expresa en termos orzamentarios, engadimos o superávit así calculado aos gastos considerados:



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

Teito de gasto non financeiro en equilibrio:	2.183.392,53
--	--------------

B) Gasto non financeiro coherente co obxectivo de Regra de Gasto

Pártese da estimación de liquidación do exercicio 2015 calculada con motivo da remisión de información correspondente ao 2º Trimestre de 2015

Límite da Regra de Gasto liquidación 2015	IMPORTE
1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros	2.810.768,00
2. Axustes SEC (2015)	0,00
<b>3. Total empregos non financeiros términos SEC excepto intereses da débeda (1 +/- 2)</b>	<b>2.810.768,00</b>
4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-)	0,00
5. Gasto financiado con fondos finalistas (-)	200.000,00
<b>6. Total Gasto computable do exercicio</b>	<b>3.010.768,00</b>
7. Taxa de variación do gasto computable 2015 (6 x1,8%)	54.193,82
8. Incrementos de recadación (2015) (+)	0,00
9. Diminucións de recadación (2015) (-)	0,00
<b>10. Límite da Regra de Gasto 2015 = 6+7+8-9</b>	<b>3.064.961,82</b>

Para o cálculo do límite de gastos non financeiros, que se expresa en termos orzamentarios, engádense:

Gasto do capítulo 3º non agregado en 2016	0,00
Gasto financiado con fondos finalistas en 2016	1.180.000,00



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

Ajustes SEC gastos	0,00
Límite de gasto no financiero coherente con Regla de Gasto	4.244.961,82

O **teito de gastos** non financeiros é o menor dos dous importes determinados: o de cumprimento de estabilidade orzamentaria e o de cumprimento da regra do gasto. Polo tanto, o límite máximo de gasto non financeiro do INORDE ascende a 2.183.392,53 euros. Dado que os gastos non financeiros do orzamento do exercicio 2016 ascenden a 3.407.000,00 euros, este Organismo Autónomo **non cumpre co límite de gasto non financeiro** previsto no artigo 30 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira.

<b>LÍM.GASTO NON FINANCIERO</b>	<b>2.183.392,53</b>
Límite Gasto non financ / partindo de Regra de Gasto	4.244.961,82
Límite Gasto no financ /Cálculos Estabilidade orzament..	2.183.392,53
Gastos non financeiros orzamento exercicio	3.407.000,00

## 5. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

O artigo 13 da LOEPSF establece a obriga de non rebasar o límite de débeda pública que foi fixado no 3.9%, 3.8 % e 3.6 % do PIB para o exercicio 2015, 2016 e 2017 respectivamente.

Para a Administración Local non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, por tanto resultan de aplicación os límites que establecía o artigo 53 do TRLHL e que é obxecto de estudio no Informe de Intervención en canto ao exame do Nivel de Endebemento da Deputación Provincial.

O volume de débeda viva a 31/12/2015, en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes é de 37,32 %.



DEPUTACIÓN PROVINCIAL  
DE OURENSE

Polo que se informa que o nivel de débeda así calculado estaría por debaixo do 110% dos ingresos correntes, límite previsto segundo o artigo 53 do TRLHL, e por debaixo do límite que estableceu o Real Decreto Lei 8/2010, modificado polo Real Decreto Lei 20/2011 e que foi dotada de vixencia indefinida pola DF 31ª de la Lei 17/2012 de 27 de decembro, da Lei de Orzamentos Xerais do Estado de 2013, do 75% dos ingresos correntes.

## 6. ANÁLISE DO CUMPRIMENTO DA REGRA DO GASTO

O artigo 12 da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria esixe tamén ás Entidades Locais que a variación de gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación. Para as Corporacións locais cúmprese a Regra de Gasto, se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Producto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

En concreto, o 15 de xullo de 2015, o Senado aprobou, xunto aos obxetivos de déficit público (0%) e de débeda pública (3,4 % do PIB) para o período 2016-2018, a regra de gasto para os orzamentos do 2016, 2017 e 2018, esto é, 1,8%, 12,2% e 2,6% respectivamente.

Por outro lado, a Orde Ministerial HAP/2105/2012 que desenvolve as obrigas de subministro de información, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro, publicada no BOE o pasado día 8 de novembro, **suprimiu** respecto ao cumprimento da regra de gasto, o Informe de Intervención antes do 31 de xaneiro de cada ano, de avaliación do cumprimento da regra de gasto coa remisión do **orzamento aprobado**, e establece que deberá efectuarse unha “valoración” trimestral da regra de gasto en fase de execución referida a 31 de decembro



(artigo 16.4 da Orde) e unha avaliación final do cumprimento da regra de gasto na liquidación do orzamento (artigo 15.4.e).

## 7. CONCLUSIÓNS

A.- O proxecto de orzamento do exercicio 2016 da Deputación Provincial de Ourense **en termos consolidados** axustase ó principio de estabilidade orzamentaria, producíndose unha **situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiación** de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais. Deste informe darase conta ao Pleno da Corporación e traslado ao órgano da Administración autonómica que exerce a tutela financeira segundo o previsto no art. 22.2 RD 1463/2007 polo que aproba o regulamento de desenrolo da Lei 18/2001, de 12 de decembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais.

B.- O resultado da avaliación do Obxectivo de Límite de Débeda no proxecto de Orzamento Xeral da Entidade do Exercicio **2016** ascende a **37,32 %** dos ingresos correntes liquidados.  
Resultado da avaliación: **CUMPRE O OBXETIVO DE LIMITE DA DÉBEDA**

Este é o informe que en cumprimento do imperativo legal se emite, sen perxuízo de calquer outro mellor fundado en dereito.

Ourense, a 11 de setembro de 2015

O interventor accidental

Jose Mosquera Casero

